

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS NO INMOBLE DO COMPLEXO "MONTE DA CONDESA" DA USC PARA A SEDE E DEPENDENCIAS DA ADOS.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

INTERVEÑEN

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde (en adiante SERGAS) e presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante ADOS), de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos; e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) que actúa en nome e representación da mesma en virtude do seu nomeamento polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no DOG de 22 de marzo, e polas facultades conferidas polo art. 20 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e o art. 85 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A USC é propietaria do inmoble antigamente denominado Hospital Materno-Infantil, sito no Monte da Condesa. O edificio ten unha superficie total de 26.942 m², sendo utilizado entre outros usos para a Residencia Universitaria Monte da Condesa.

Segundo.- Dentro de dito inmoble e mediante convenio asinado o 29 de xuño de 2012, a Universidade cedeu en uso ao SERGAS a ala sur do inmoble cunha superficie aproximada de 2.290 m². A dirección actual do inmoble cedido é Rúa Xoaquín Díaz de Rábago, 2 – 6, 15705 Santiago de Compostela.

Terceiro.- O citado Convenio tiña unha duración de dez anos prorrogables por períodos sucesivos da mesma duración a petición do cesionario con anterioridade ó vencemento do período anterior, quedando excluída a tácita recondución.

Cuarto.- Na disposición adicional primeira do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, no seu apartado 2 di que a ADOS asume as competencias e medios persoais e materiais que corresponden á Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia, a Axencia subrogarase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das competencias da citada, a partir da súa posta en funcionamento, como parte integrante do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Ambas partes consideran mais adecuada a formalización dun novo convenio que regule as novas relacións xurídicas de cesión de uso do inmoble polos seguintes motivos:

- Para dar cumprimento a disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que ordena que todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse ao previsto na Lei no prazo de tres anos a contar dende a entrada en vigor desta Lei.
- Dende o 1 de xaneiro de 2016 a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos asume as competencias e medios persoais e materiais que corresponden á

extinguida Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia que figuraba no convenio asinado o 29 de xullo de 2012.

Sexto.- No Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a ADOS e se aproban os seus estatutos establece que a ADOS é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A ADOS ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía na súa xestión, nos termos que precisen as leis e adscribírase á consellería competente en materia de sanidade a través da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

A ADOS terá como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenamento e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente como polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes dela.

Ambas partes, están conformes con continuar a cesión de uso de ditos locais, coa finalidade establecida.

Polo anteriormente exposto acordan subscribir o presente convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidade

O obxecto do presente convenio é establecer e regular a cesión de uso do inmovible propiedade da USC, ala sur do antigamente denominado "Hospital Materno-Infantil", sito no Monte da Condesa, cunha superficie aproximada de 2.290 m² á ADOS. A dirección actual do inmovible obxecto da cesión é Rúa Xoaquín Díaz de Rábago, 2 – 6, 15705 Santiago de Compostela.

A finalidade que a ADOS, debe dar a devandita ala sur do mencionado inmoible é a de albergar a sede, dependencias e instalacións necesarias para a execución das actividades propias da ADOS, de acordo cas contidas nos seus propios estatutos. Calquera alteración da devandita finalidade dará lugar a revogación da cesión, salvo que fora aprobada previamente e de xeito expreso pola USC.

Segunda.- Aprobación pola USC da cesión do edificio

A USC, previa proposta do Consello de Goberno e Acordo do Consello Social da mesma, cede en uso a ala sur do inmoible denominado Hospital Materno-Infantil sito no Monte da Condesa, cunha superficie aproximada de 2.290 m² á ADOS. A dirección actual do inmoible obxecto da cesión é Rúa Xoaquín Díaz de Rábago, 2 – 6, 15705 Santiago de Compostela.

Terceira.- Propiedade do inmoible, obras e reparacións

En todo caso a Universidade conserva a propiedade do inmoible citado. Para as obras de mantemento, mellora e reparación do inmoible será necesario o consentimento expreso e por escrito do propietario. En todo caso os investimentos realizados quedarán en beneficio do predio e en ningún caso serán reembolsados polo propietario cedente.

A realización de calquera tipo de obras que requiran permiso da USC, deberá realizarse coa supervisión da Oficina de Arquitectura e Urbanismo da USC, á que deberá enviarse copia do proxecto antes do inicio das mesmas. En todo caso, as devanditas obras non poderán alterar esencialmente a configuración global do edificio, nin supoñer aumento de volume.

A ADOS obrígase a repoñer os bens da Universidade que resulten afectados polas obras de instalación realizadas durante o período de vixencia do Convenio, repoñéndoo o seu estado anterior.

Calquera cambio na estrutura organizativa da cesionaria que afecte ao edificio ou a súa finalidade será notificado a Universidade que deberá mostrar a súa conformidade.

En ningún caso o inmoible poderá incluírse como ben propio da Axencia.

Cuarta.- Gastos de funcionamento e subministracións

A ADOS correrá con tódolos gastos que se deriven do funcionamento do edificio cedido, incluída e porte proporcional dos gastos derivados do uso do inmovible que non poidan ser aboados de forma independente.

As subministracións de auga e luz disporán de contadores independentes das do resto do edificio co fin de que os importes dos servizos poidan ser aboados polo Axencia de acordo cos consumos reais.

Quinta.- Prazas de aparcamento

A USC obrígase a reservar oito prazas de aparcamento, próximas o inmovible cedido, para uso exclusivo dos doadores.

Sexta.- Seguro de danos

A ADOS dispoñerá dun seguro, que deberá cubrir a responsabilidade polos danos que poidan ocasionar os aparatos, residuos e instalacións almacenadas na parte do inmovible que se cede en uso.

Sétima.- Coordinación das actividades preventivas

De conformidade co art 24 da Lei 1/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ambas entidades coordinarán as actividades preventivas, establecendo os medios de coordinación que sexan necesarios en canto á prevención e protección de riscos laborais.

Oitava.- Colaboración da Axencia en traballos científicos de profesores da USC

A ADOS comprométese a facilitar a realización de traballos científicos por parte de profesores e departamentos da USC, do xeito que se determine no regulamento interno da ADOS e sempre que non prexudique o funcionamento da Axencia.

Novena.- Comisión mixta de seguimento do convenio

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento, coa finalidade de resolver as dúbidas que se produzan na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta por seis representantes, tres designados pola ADOS e tres designados pola Universidade.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirse cando o solicite calquera das dúas partes.

Décima.- Causas de resolución do convenio

O incumprimento de calquera das condicións previstas no presente convenio, dará lugar a rescisión da cesión de uso e por tanto a resolución do convenio, revertendo na USC as obras e instalacións realizadas no inmovble.

Undécima.- Resolución de conflitos

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo, a través da Comisión Mixta de Seguimento. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia deberán ser sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

Duodécima.- Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluídas as relacións negociais entre as partes.

Décimo terceira.- Vixencia, prórroga e modificación do convenio

O prazo de vixencia deste convenio de cesión de uso do inmovible será de catro anos desde o día seguinte ao da súa firma, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas.

Rematado o prazo de cesión sen que se proceda a súa prórroga, ou rescindida a cesión tódalas instalacións e obras realizadas no inmovible pasarán a ser propiedade da Universidade.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Décimo quinta.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calesquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

Décimo sexta.- A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico algún para as institucións asinantes e por iso non se precisa consignación orzamentaria.

A subscrición do presente convenio anula e deixa sen efecto o asinado entre as partes, para o mesmo fin, o 29 de xuño de 2012.

E en proba de conformidade asinase o presente convenio, na data da derradeira sinatura dixital.

<p>O Conselleiro de Sanidade, Presidente do Servizo Galego de Saúde e Presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos</p> <p>Julio García Comesaña</p>	<p>O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela</p> <p>Antonio López Díaz</p>
--	---